

Código do documento	Código do expediente
USG13I0000	USG/2019/1
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R2T 6546 0Q3M 342N 0SVY	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, en funcións D. Diego A. Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle
(que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día sete de xaneiro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego A. Taibo Monelos (resolución da alcaldía do día sete de xaneiro do ano dous mil dezanove), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta), D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZASETE DE DECEMBRO DE 2018 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de decembro de de dous mil dezaoto e á acta da sesión extraordinaria celebrada o día dous de xaneiro de dous mil dezanove, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 17 de decembro de 2018 e a acta da sesión extraordinaria realizada o día 2 de xaneiro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 28 de decembro de 2018, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao cuarto trimestre do ano 2018 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 2 do 03-01-2019.
- Resolución do 28 de decembro de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOENIA/2018: Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos de promoción económica, durante o ano 2018. BOP núm. 2 do 03-01-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG1310000	USG/2019/1
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R2T 6546 0Q3M 342N 0SVY	

- Anuncio do 28 de decembro de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ao acordo da Xunta de Goberno do 28 de decembro de 2018, polo que se aproban as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019. BOP núm. 2 do 03-01-2019.
- Resolución do 28 de decembro de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2019. BOP núm. 2 do 03-01-2019.
(Neste intre incorpórase á sesión á Sra. concelleira D.^a María del Carmen Varela Corbelle).
- Anuncio do 31 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia para a celebración de matrimonio civil entre L.F.G. e A.V.M. o día 03-11-2018 ás 19.00 horas. BOP núm. 4 do 07-01-2019.
- Anuncio do 19 decembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 17-12-2018 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 4 do 07-01-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES CULTURAI

VENRES 11 DE XANEIRO
Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:
Contacontos coa Dragóna Ramona: *Os tres bandidos*.
A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 11 DE XANEIRO
Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:
Inauguración da exposición *Mesturas ARTPO*, da Asociación de Artistas das Pontes de García Rodríguez. Ata o 9 de febreiro.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente nesta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).